

CONCELLO DE PONTEAREAS

BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO

2017

1.- Poderán participar neste concurso todas as asociacións culturais, deportivas, etc. así como todos os grupos ou colectivos interesados en participar e divertirse nas festas do Entroido.

2.- As asociacións e colectivos interesados en participar terán que presentar a súa solicitude, segundo o modelo oficial, no Rexistro Xeral do Concello. O prazo de inscrición remata o día, 17 de febreiro ás 13:00 horas.

3.- As comparsas inscritas asistirán ao desfile o domingo, día 26 de febreiro e o martes, día 28 de febreiro, con saída dende a Casa do Concello. Poderán interpretar as súas coplas ou cancións nun escenario habilitado para estas actividades na Praza Maior.

4.- Cada comparsa deberá contar cun mínimo de 20 membros para poder optar as mencións e gratificación en concepto de participación. O Concello establece unha axuda por participación para cada comparsa, sempre que participe os dous días sinalados, por importe en función do número de participantes:

De 20 a 30 membros 250,00 euros.

De 31 a 50 membros 350,00 euros

De 51 a 70 membros 450 euros

De 71 a 90 membros 550 euros

A partir de 91 membros 650,00 euros

Establécese un límite máximo de 20 comparsas participantes. As premios e axudas recollidas nestas bases, será por un importe máximo de 7.500.-euros que se concederán con cargo a partida 33000/48000 do orzamento municipal do ano 2017.

5.- O prazo de inscrición comeza o día seguinte a publicación das seguintes bases e finalizará o 17 de febreiro. A inscrición realizarase segundo o modelo que se lle facilitará no rexistro Xeral do Concello e nela debe figurar:

Nome da comparsa

Número de compoñentes

Uso ou non de carroza

Nome, DNI e teléfono da ou do representante da comparsa

Nome, DNI e teléfono da ou do representante da comparsa no xurado

As autorizacións asinadas polos pais ou titores legais de participantes menores de idade.

En caso de rexistrarse máis comparsas que as fixadas, darase preferencia as do término municipal de Ponteareas; e dentro destas as que veñan acompañadas de carroza. A inscrición pecharase no momento de esgotar o orzamento asignado en función do número de participantes de cada comparsa.

6.- O xurado estará integrado por un representante de cada unha das comparsas inscritas, podendo nomear o Concello de Ponteareas dúas ou tres persoas independentes para formar parte do mesmo. Levantará acta da decisión unha persoa traballadora do Departamento Municipal de Cultura.

7.- Se outorgará cinta ou diploma e trofeo a aquelas carrozas atendendo a orixinalidade, mellor carroza, mellor vestiario, mellor animación e sincronización e mellores coplas. O xurado valorará os diferentes aspectos dando unha puntuación do 1 ata o 5. Terase en conta a

orixinalidade do vestiario, a confección artesanal, os materiais utilizados, a animación e sincronización das comparsas e a composición e interpretación das coplas. Para a carroza, terase en conta a súa construción pola propia comparsa. O xurado poderá declarar deserto calquera das anteriores mencións.

8. Os días de desfile fixados serán, o domingo e, o martes de entroido e o mércores de enterro da sardiña. En caso de chuvia, a véspera decidirse sobre o seu aprazamento

Para ter dereito ao cobro das cantidades fixadas por participar, cada comparsa comprométese a asistir aos desfiles e actos programados o domingo, o martes de entroido e o mércores no enterro da sardiña..

O cómputo de participantes realizarase o domingo e o martes durante o desfile. O martes poderá reducirse o número de participantes de cada comparsa ata un máximo dun dez por cento.

O mércores deberán participar no Enterro da sardiña un mínimo do vintecinco por cento de cada comparsa, En caso de que as comparsas non aporten ese mínimo de participantes se lle descontará un vintecinco por cento da asignación.

As comparsas que asistan ao desfile só o domingo ou o martes, unicamente percibirán 100 euros en concepto de participación.

9.- En función do número de comparsas e grupos inscritos, poderá establecerse un tempo máximo por comparsa para a interpretación das coplas.

10.- Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.

Pontareas, xaneiro de 2017.